

galicia

Sete derradeiras comidas

Sete derradeiras comidas

Voz, fruta de pico e electrónica
Con UMS'n JIP. Agrupación convidada 2016

mércores 22 de xuño
20:30 h

Espacio Sirvent
(Vigo)

DO
AUDIBLE

Máis información:
cultura.gal
vertixesonora.net

2016 MÚSICA EN DIÁLOGO
COA ARTE,
COA CIENCIA
E CO PENSAMENTO
CONTEMPORÁNEOS

Colabora:

prhelvetia



vertixe sonora
ensemble



Sete derradeiras comidas

Por iso, e como dicía, a materia do son precede á forma do canto. Non goza de prioridade por unha capacidade creadora, xa que o son non é o autor do canto, senón que provén dun corpo posto ao servizo da alma que canta, para que realice o canto con base nese corpo. Tampouco goza de prioridade temporal porque o son é simultáneo ao canto. Tampouco de prioridade de valor porque o son non é mellor ca o canto, xa que o canto non é un simple son senón un fermoso son. Iso sí, goza de prioridade de orixe porque o canto non recibe forma para ser son, senón que o son recibe forma para ser canto.

Confesións, Santo Agostiño (bispo de Hipona)

A canción popular urbana, o canto litúrxico medieval, a canción trobadoresca, o lied romántico, a aria operística, a monodia gregoriana... comparten, no contraste de épocas e estilos, dúas confianzaas plenas: na comunión de música e palabra como recurso expresivo ilimitado para revelar o sentido último e esclarecedor do signo lingüístico, e na elocuencia da música para conxugar o indíxible.

Se o xogo poético goza por si mesmo de prominentes desinencias musicais, combinado e potenciado nun sostido contrapunto instrumental eleva exponencialmente as súas potencialidades para se trocar nunha das formas esenciais do discurso musical ao longo dos tempos. Este modelo representa, tanto na súa variedade e amplitude como na súa orientación, un trazo vigoroso para tantas e tan variadas sensibilidadeas.

A cítara, a guitarra, o laúde, o piano, o ensemble acústico ou electrónico, a orquestra sinfónica..., o compañeiro natural da voz foi paulatina e indefectiblemente transmutado e complexificado na súa identidade. Na proposta de UMS'n JIP goza dunha simplificación radical, que se constitúe apropiadamente en solución sorprendentemente permeable para garantir a visibilidade dun repertorio que non require apenas de produción para empatizar con calquera tipo de espazo ou audiencia.

A nobre familia das frautas de pico —que nada ten que ver con ese espanto maligno e plástico co que se maltratan os pobres oídos de pais con fillos en idade escolar—, construídas por luthiers artesáns nunha tradición ininterrompida desde, polo menos, o século XIV ata o XVIII, e que volve rexurdir con forza desde o século XX, goza aquí dun rol privilexiado.

UMS'n JIP enraza a renovación do repertorio da canción a partir de catro premisas: a expansión sonora instrumental ilimitada por medios acústicos, electrónicos e dixitais; unha posta en escena convenientemente teatralizada; a proximidade e constante colaboración cos compositores do noso tempo (son tamén compositores); e a internacionalización e visibilización máxima do repertorio que promoven, que os leva a acadar cifras de concertos máis propias dun grupo de música rock ca dos sofisticados contextos contemporáneos nos que desenvolven o seu labor.

Marieta Lourido, abril 2016

AS OBRAS

JIP (1980, CH) 123.08-epilog (2008)

Textos de periódicos (20 minutos)

UMS (1971, CH) InD (2011)

Poema de Joseph Freiherr v. Eichendorff

MATHIAS STEINAUER (CH) 7 letzte Mahlzeiten (2012-14) (Sete derradeiras comidas)

Texto de Herbert Rosendorfer. Gravación 11 do Verdugo Real de Baviera Bartholomäus Ratzenhammer Op. 28, 2013 para tenor, frauta de pico, cinta magnética, teclado Bluetooth, dous pés de frautas de pico, proxector de súper 8, vídeo en vivo, luz e roupa lixeira

LUIS CODERA PUZO (1981, ES) Oscillation ou interstice (2013)

Texto *La porteuse de lance*, da poeta francesa Irène Gayraud

OS COMPOSITORES

Ulrike Mayer-Spohn (UMS)

Unha extraordinaria diversidade preside o traballo da compositora e multiinstrumentista Ulrike Mayer-Spohn, que toca a frauta de pico (con especial atención á música contemporánea) e instrumentos de corda (violín histórico e violín barroco). Estudou Composición e Deseño de Audio con Erik Oña no Estudo de Música Electrónica da Academia de Música de Basilea, empezou a compoñer no 2007, e xa entón recibiu comisións do foro Festival de Valais e das Xornadas Internacionais de Nova Música, Shanghai. O seu traballo foi interpretado polos solistas do Stuttgart Ensemble Phoenix Basel, Vertice Sonora Ensemble, DissonArt, L'Arsenale, Cool a Capella (Primeiro Premio Xogos Corais Mundiais 2008) e o seu propio conxunto UMS'n JIP en Suíza, Francia, Grecia, Italia, Rusia, Australia, Os Estados Unidos e A China. Realizou estreas baixo a batuta de Beat Furrer, Mark Foster, Tsung Yeh, Jürg Henneberger e Filippo Perocco, difundidas pola radio suíza. Foi galardoada co segundo premio no Concurso de Composición Culturescapes (2010), co segundo premio no Concurso de Composición do Festival de Música de Berna (2011), coa concesión da bolsa no Villa de Música Monte Pelió (Grecia, 2011) e cun Premio no Chamado de obras de L'Arsenale de Treviso (Italia 2011). Co conxunto UMS'n JIP levou a cabo investigacións no campo do teatro musical (ópera de cámara *Un, Dous, Tres, Catro, Cinco*), na música electrónica en vivo e na espacialización sonora. Estudou frauta de pico con Ulrike Mauerhofer na Musikhochschule de Karlsruhe, con Conrad Steinmann e Corina Marti na Schola Cantorum de Basilea antes de especializarse en música contemporánea e de estudar con Dorothea Winter no Conservatorio Real da Haia. De 2009 a 2011 realizou un mestrado especializado na interpretación contemporánea no HSM de Basilea, supervisado por Jürg Henneberger, Marcus Weiss e Mike Svoboda, e recibiu clases maxistras de Marion Verbruggen, Peter van Heyghen, Sebastien Marq e Gerd Lünenbürger. Tamén estudou violín barroco e viola con Martina Graulich e David Plantier, e violín con Randal Cook en Basilea.

Ulrike Mayer-Spohn traballa con compositores de primeira fila no ámbito internacional e participa en máis de 20 estreas mundiais anuais dedicadas a ela, que grava para a radio, así como para VDE Gallo en CD. Xunto co compositor suízo e cantante Javier Hagen, fundou o dúo de música experimental UMS'n JIP para voz, frauta de pico e electrónica, o cal, xunto co Ensemble Modern, o Ensemble Intercontemporain e o Kronos Quartet é un dos conxuntos máis activos no mundo. En 2011 obtivo a prestixiosa bolsa MusiquePro. Desde 1999, Ulrike Mayer-Spohn tamén participa como intérprete de frauta de pico, violinista, violista e intérprete de violín popular en conxuntos de música antiga especializados, como Amsterdam Barok Compagnie, Freitagsakademie, Collegium Musicum Stuttgart, La Chapelle Ancienne, Musica Poetica, Muscadin e La Morra. Actuou en Alemaña, A China, Holanda, Francia, España, Italia e Suíza.

www.ulrikems.info

Javier Hagen (JIP)

Compositor e cantante nado en Barcelona en 1971, domina as seis linguas que se falan entre Wallis (Suíza) e o Mediterráneo. Estudou Composición baixo a tutela de Heiner Goebbels e Wolfgang Rihm. Como cantante, tenor e contrateno, Javier Hagen é un dos máis sorprendentes artistas da súa xeración. Cun rango vocal excepcional de catro oitavas, leva estreadas máis de 200 obras nos festivais de música contemporánea máis prestixiosos de Europa e colabora cos compositores máis distinguidos do século XX, como Aribert Reimann, Mauricio Kagel, Pierre Mariétan, Peter Eötvös, e de poesía concreta e artistas de arte construtiva, como Eugen Gomringer, Mauricio Rosenmann, Rolf Schroeter e Günther Uecker.

Convidado a festivais de música nova e antiga, como Donaueschingen, actuou en Nova York, Hong Kong, Estrasburgo, Karlsruhe, Zúric, Lucerna, Xenebra, Praga, Bolonia, Milán, Amsterdam, París e Berlín. Realizou múltiples gravacións para a radio e a televisión de Alemaña, Francia, Chequia e Suíza. Xunto a roles estándar de ópera, como Dardanus, Giulio Cesare, Zsupan ou Pappacoda, Javier Hagen ten estreado importantes papeis en óperas contemporáneas coma *Air à l'en verre* de Daniel Mouthon (1997), *Eismeer* de Christoph Schiller (2004), *Poem ohne held* de Regina Irman (2005), *Esther de racine* de Boris Yoffe (2006), *Marienglas* de Beat Gysin (2010), *Les musiciens de Brème* de Wen Deqing (2011), *Keyner Nit* de Mathias Steinauer (2011), *Nothing and more* de Jack Fortner (2014) e *Ushba et Tetrud* de Nicolas Vérin (2014).

Gañou o Premio Concursos de Composición Internacional de Nova Música en 2001, 2004 e

2008 en Basel, Lausanne e Düsseldorf. En 2003 publica no selo Musiques Suisses as súas cancións populares *chi-vanzadas* (unha mestura de chifradas e avanzadas) no CD que leva por título *s'sch mr alles 1 Ding*. A obra de Hagen inclúe música dos xéneros instrumental, vocal e escénico, así como electroacústica e instalacións sonoras. As súas obras vocais son particularmente apreciadas e interpretadas en festivais ao longo de Europa (Europa Cantat Mainz, Klagenfurt e Basel 2004, 2006 e 2008, Centre Culturel Suisse Paris), e tamén en América Central (América Cantat), O Canadá, A China, Corea, Lituania, Israel e Os Estados Unidos.

Xunto con Ulrike Mayer-Spohn, Hagen forma o dúo UMS'n JIP —dedicado a explorar novas combinacións para frauta de pico, voz e electrónica—, un dos máis activos ensembles de música contemporánea do mundo. Tamén é membro do xurado de concursos de composición e música contemporánea nacionais e internacionais, entre outros, o Premio de Compositores Novos no ISCM World Music Days 2014, e membro dos equipos da Asociación de Festivais Suízos e da Conferencia Europea de Promotores de Nova Música. Preside o ISCM de Suíza e a Sociedade Internacional para a Música Contemporánea Valais/Suíza IGNM-VS. Ademais é director do festival suízo de música contemporánea Forum Wallis. Impartiu conferencias e aulas maxistras nas universidades de Shanghai e Hong Kong (A China). Participa como experto na Escola Superior de Artes HdK Berne, así como no Valais Government (MusiquePRO) e na UNESCO. En 2007 Hagen foi nomeado Valaisan do Ano. En 2013 acadou o Premio Cultural do Cantón de Valais.

www.javierhagen.ch

Luis Codera Puzo. Barcelona, 1981

A composición, para Luis Codera Puzo, baséase na convicción de que todos os elementos dentro da arte deben estar vinculados, o que o leva a considerar a música como movemento e relación temporal entre elementos e non como unha suma de entidades estáticas illadas. Na súa visión estética, o enriquecemento da música reside no desenvolvemento do sistema de relacións, oposto ao concepto de complexidade baseada na hipertrofia dos elementos individuais. Esta idea desenvolveuse nos seus últimos traballos e concretouse na procura dun discurso musical poliédrico.

Inicia a súa educación musical como autodidacta, feito que marca de maneira moi importante a súa visión da música. Máis tarde estuda guitarra eléctrica, teoría de música moderna, arranxos de big band, piano, trombón e percusión, e interésase en ámbitos diversos como o jazz, a música moderna, a clásica ou a electrónica. Paulatinamente concéntrase cada vez máis na composición, diplómase con Agustín Charles na ESMUC de Barcelona e realiza un posgrao con Wolfgang Rihm na Hochschule für Musik de Karlsruhe, en Alemaña. Durante este tempo asiste a numerosos cursos, talleres e festivais de música, e realiza concertos por toda Europa, experiencia que lle permite entrar en contacto con numerosos grupos, músicos e compositores que cambian a súa perspectiva musical, entre os que destacan Beat Furrer, Enno Poppe e Pierluigi Billone ou as formacións como o Klangforum Wien, o Minguett Quartet, a Camerata Variabile Basel e a Orquestra Nacional de Lorraine. Un aspecto imprescindible na súa formación é o traballo intenso e exhaustivo cos músicos que interpretaron a súa música. Descontento co formato de concerto de música contemporánea que apenas fai unha lectura superficial das obras, forma en Barcelona, xunto a outros músicos da súa xeración, o ensemble CrossingLines, coa intención de reflectir a súa visión da música e a necesidade de crear unha estrutura que entenda que a música ten que ser algo máis que meramente interesante ou pasable.

Mathias Steinauer. Basel, 1959

Nace en Basel e estuda Piano, Composición (Robert Suter/Roland Moser) e Teoría musical (Wolfgang Neininger) no Conservatorio de Música de Basel. De 1986 ata 1988 estudou Composición con György Kurtág en Budapest. Desde 1986 aprende teoría musical e dá cursos de nova música e composición na Universidade de Artes de Zúric. En 2004 foi director artístico do ISCM New World Music Days "trans_it". Impartiu conferencias e foi interpretado en varias escolas de música, simposios e festivais en numerosos países europeos, ademais de en Azerbaidján, A China, O Brasil, Os Estados Unidos e O Xapón. Actualmente, Mathias Steinauer vive en Ticino.

UMS'n JIP

Fundado por Ulrike Mayer-Spohn [UMS] e Javier Hagen [JIP], UMS'n JIP é un dos conxuntos de música contemporánea máis activos e experimentados da escena internacional, o que os leva a participar en máis de cen eventos anuais, que inclúen óperas de cámara móbiles e actuacións multimedia. No seu currículo, máis de 700 concertos e 150 obras encargadas desde 2007.

UMS'n JIP explora novas configuracións musicais e escénicas para voz, frauta de pico e electrónica, que van desde interpretacións ao vivo ás dixitais, de música europea e non europea. A investigación sonora, os ensaios e as gravacións en común cos compositores e ao longo de varios anos, así como o número excepcionalmente elevado de concertos por todo o mundo, garanten que as obras encargadas por UMS'n JIP sexan as composicións máis frecuentemente interpretadas destes compositores. Aínda que UMS'n JIP mantén un ritmo de traballo moi alto, o seu obxectivo non é estrear canto sexa posible, senón interpretar novas obras con tanta frecuencia como se poida, coa idea de que as obras medran en cada nova interpretación.

Desde os seus estudos (Composición, Deseño de Audio e Interpretación Musical) nos Países Baixos, Alemaña, Italia e Suíza, UMS e JIP foron convidados a prestixiosos festivais de música e teatro contemporáneos (Aviñón, París, Marsella, Zúric, Laussana, Lucerna, Basilea, Berna, Shanghai, Beijing, Hong Kong, Ulanbatar, Seul, Tokyo, Buenos Aires, Adelaida, Nova York, Donaueschingen, Stuttgart, Karlsruhe, Berlín, Moscova, San Petersburgo, Riga, Barcelona, Valencia, Sevilla, Atenas, Tesalónica, Istambul ou O Cairo), onde estrearon máis de 200 obras como solistas e como dúo, colaborando con compositores de fama mundial e tamén con novos compositores como Heiner Goebbels, Wolfgang Rihm, Mauricio Kagel, Aribert Reimann, Peter Eötvös, Luis Codera Puzo, Erik Ona, Vladimir Gorlinsky, Chikashi Miyama, Huang Ruo, Wen Deqing e Guo Wenjing.

UMS'n JIP tamén leva a dirección do festival de música contemporánea de Suíza Forum Wallis, presidido pola Sociedade Internacional de Música Contemporánea Wallis/Suíza IGNM-VS. JIP é o actual presidente da ISCM Suíza, así como membro da xunta da Conferencia Europea de Promotores de Música Nova ECPNM, Swissfestivals, e da Comisión da UNESCO para o inventariado do patrimonio cultural inmaterial no Cantón de Valais. Dentro destas estruturas, UMS'n JIP iniciou máis de 200 proxectos e comisións adicionais. Desde 2013 UMS'n JIP participou en dous proxectos de investigación internacionais: The Recorder Map e i-Tresures. O dúo é asesorado por Irvine Arditti, líder do mundialmente coñecido Arditti Quartet, con sede en Londres.

DO AUDIBLE

Do Audible é un ciclo de concertos promovido pola Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia que procura achegar puntos de encontro entre a música, a ciencia, a arte e o pensamento contemporáneos na conquista dunha percepción musical máis consciente.

Do Audible actualiza as rutinas de escoita coa aspiración de recuperar o concerto de música como experiencia privada de auténtica transformación. Unha comoción reveladora que devolva a escoita ao seu lugar, como acontecemento capital do entendemento humano. Cada concerto organízase arredor dun foco temático e interactúa coa palabra cómplice de relevantes personalidades do mundo da cultura, que achegan informacións e perspectivas de interpretación do feito musical que resulten enriquecedoras para os oíntes.

Do Audible descobre a paisaxe sonora da literatura musical dos últimos decenios, rastrea as interaccións ocultas entre diferentes disciplinas ao longo da historia e explica as claves da creación musical de todos os tempos. Aviva a nosa imaxinación, esperta a sensibilidade de públicos novos, procura acadar, na comunión da emoción e da intelixencia, unha experiencia artística transcendente.

Do Audible 2016 – vindeiros concertos

Microteatro psicopático

Con Carlos Álvarez-Ossorio (dramaturgo) e Óscar Carmona (compositor)

mércores 21 de setembro ás 20:30 h

Museo de Arte Contemporánea Gas Natural Fenosa (A Coruña)

Turbulencias ou a idea de espazo

Con Arturo Leyte (filósofo) e Luc Döbereiner (compositor)

martes 4 de outubro ás 20:30 h

Facultade de Belas Artes (Pontevedra)

Sete derradeiras comidas

JIP (1980, CH) 123.08-epilog (2008)

texts: from the newspaper 20minuten

1. Angebote gültig für Privatkunden. Garantie und Renault Assistance: 36 Mte./100000 km (was zuerst eintritt), ausser Espace: 36 Mte./150000 km (was zuerst eintritt). Berechnungsbeispiel eines Kundenvorteils: Kangoo Privilège, Fr. 23 700.- abzüglich Swiss-Festival-Prämie Fr. 3800.- = 19 900.-, Finanzierung durch RCI Finance (unter Vorbehalt einer Bonitätsprüfung). Eine Kreditvergabe ist verboten, falls sie zur Überschuldung des Konsumenten führt. Die verwendeten Bilder entsprechen z.T. nicht den beschriebenen Modellen.

2. Um der Gefahr von Hacker-Angriffen besser Herr zu werden, starten die USA diese Woche ein internationales Web-Kriegsspiel. Unter dem Titel "Cyber Storm II" sollen in den Vereinigten Staaten die chemische Industrie sowie der Pipeline- und Bahntransport angegriffen werden; Ziel dieser Simulation ist es, herauszufinden, wie gut die einzelnen Organisationen auf sogenannte Cyber-Attacken vorbereitet sind.

3. Auf YouTube behauptet einer, er habe Sex mit Michèle Roten gehabt. Jetzt spekulieren Tausende: Hat er? Oder ist die Kolumnistin das Opfer eines Cyberbullys geworden? Wer im Internet nach Roten sucht, der findet Sex. Neu auch auf YouTube, vorgelesen von einem Mann mit Kapuzenpulli. "Hallöle, hoi zäme." Dann wird's deftig, drei Minuten lang. Er habe Sex mit der Kolumnistin gehabt, behauptet er, und liest eine angebliche "Miss Universum"-Kolumne zur gemeinsamen Nacht vor. Auf Internet-Foren entbrannte sofort eine Diskussion: Hat sie oder hat sie nicht? "Den Typen habe ich nie gesehen", sagt Roten, deren Mailbox überquoll mit gutgemeinten Tipps, wie sie gegen diese "schamlose Diffamierung" vorgehen könne. Roten gibt sich cool: "Ich finds zwar nicht lustig, werde nun aber keinen Aufstand machen."

4. StudenteilehnerInnen gesucht Für eine klinische Studie zur Untersuchung einer neuartigen Impfbehandlung gegen Bluthochdruck. Anstatt mit täglich eingenommenen Tabletten soll mit einer Impfung das körpereigene Hormon Angiotensin II gehemmt und damit ein erhöhter Blutdruck gesenkt werden. Für eine klinische Studie mit diesem neuartigen Prinzip werden Patienten mit leichtem bis mässigem Bluthochdruck gesucht. Die Impfung wird 5 mal verabreicht. Die Studie dauert insgesamt 12 Monate und wird ärztlich betreut. Gesucht werden geeignete Männer und Frauen (nicht gebärfähig) im Alter von 18 bis 69 Jahren. Auf Ihren Wunsch bespricht der Studienarzt Ihre Teilnahme mit Ihrem Hausarzt. Für weitere Informationen sowie Anmeldung zur Teilnahme wenden Sie sich bitte an folgende Hotline: 0800 68 88 88.

5. Rating: Was sind die schlimmsten Sünden? Eine Todsünde ist laut Papst Johannes Paul II. ein Akt, "durch den ein Mensch bewusst und frei Gott und sein Gesetz sowie den Bund der Liebe, den dieser ihm anbietet, zurückweist." Monsignore Gianfranco Girotti erklärte in einem Interview der Vatikan-Zeitung "L'Osservatore Romano", sündhaftes Verhalten betreffe inzwischen nicht mehr nur den Einzelnen, sondern habe wegen der zunehmenden Globalisierung immer mehr soziale Auswirkungen und schade der Gesellschaft. Nun hat der Vatikan eine neue Liste von schweren Sünden vorgestellt – aktualisiert auf die Neuzeit. Darin stehen unter anderem Vergehen wie Umweltzerstörung, Geldverschwendung für Luxusartikel, Profitgier, Prostitution, Kindes-missbrauch sowie Drogenhandel und –konsum. Wir wollen nun wissen, welche Sünden Sie als die schlimmsten und verwerflichsten erachten. Machen Sie mit bei unserem Rating.

6. New York 9°, Los Angeles 24°, Vancouver 5°, Rio de Janeiro 31°, São Paulo 22°, Buenos Aires 21°, Kapstadt 22°, Nairobi 28°, Sydney 29°, Hongkong 22°, Tokio 9°, Bangkok 29°

UMS (CH, 1971) *InD* (2011)

In Danzig 1842

Joseph Karl Benedikt von Eichendorff (1788 - 1857)

Dunkle Giebel, hohe Fenster,
Türme wie aus Nebel sehn.
Bleiche Statuen wie Gespenster
Lautlos an den Türen stehn.

Träumerisch der Mond drauf scheint,
Dem die Stadt gar wohl gefällt,
Als läg' zauberhaft versteinet
Drunten eine Märchenwelt.

Ringsher durch das tiefe Lauschen,
Über alle Häuser weit,
Nur des Meeres fernes Rauschen.
Wunderbare Einsamkeit!

Und der Türmer wie vor Jahren
singt ein uraltes Lied:
Wolle Gott den Schiffer wahren,
Der bei Nacht vorüberzieht.

LUIS CODERA PUZO *Oscillation ou interstice*, (2013)

La porteuse de lance

Irène Gayraud

Des rayons suspendus dessinent un rideau
s'estompent puis s'incendient
comme des sillons de miel répandus au dehors
Devant elle attend
debout
qu'une main se lève
entrouvre le rideau
Elle voudrait entendre un choc de perles
les voir se détacher et rouler sur le sol
chacune y laisse une tache brûlée
et peut-être, derrière, un éclat de lame

Derrière le rideau de rayons suspendus
une chaleur latente
Debout la porteuse de lance
perce de sa lame
répand lait et sang
Le liquide ambré
laisse apercevoir des lueurs, des taches
qui s'éteignent
état de passage
où le feu n'existe pas encore

Et la lumière
fut leur plus faible d'un soleil descendant
lent
léger
lanières et rayons tendus de toutes parts
Debout seule face
à la leur sombre ou claire
tenir la lance
comme on porte le nom
de guerrière paisible
et commander encore
levée face à la leur
un bâton ligneux dans les mains

Courbée à peine
elle dépose la lance
dans un sillon
Sa ligne s'enchevêtre à la couleur du sol
sa lame éclate un peu de terre

La silhouette sans lance
descend vers la pointe de sa lame
s'aiguise
Du bout de ses doigts, de ses mains,
de tout son corps dénoué
elle roule ensemble miel lait et sang
tavèle sa peau de terre
Fluide, maculée
ses pieds rayonnent
ignés dans le liquide brûlant
Un instant s'entrouvre
silence à l'horizon blanc
Debout elle participe
état de passage
poreux
avant de fondre

Une lance de bois flotté
arrive en un lieu dépourvu d'arbres
roule sur la grève
Des deux plats de sa lame
s'entrechoquent lueurs et ombres
Lorsqu'elle se suspend
on n'aperçoit plus que la tranche
sa fissure dans le sol
oscillation ou interstice
embrasure du feu

JIP (1980, CH) 123.08-epilog (2008)

textos: do periódico 20 minutos

1. Ofertas válidas para clientes individuais. Garantía e asistencia Renault: 36 meses/100.000 quilómetros, excepto Renault Espace: 36 meses/150.000 quilómetros. Exemplo de compra vantaxosa: Kangoo Privilège, 23.700 FR, con dedución da prima Swiss-Festival 3800 FR - = 19.900. Financiamento a través de RCI Finanzas (suxeita a análise de solvencia). A concesión do crédito está prohibida se conduce a exceso de endebedamento dos consumidores. As imaxes mostradas Corre-lay non corresponden necesariamente cos modelos descritos.

2. Para controlar mellor a ameaza de piratería na web, Os Estados Unidos puxeron en marcha esta semana un xogo de guerra internacional na web. Baixo o título de *Tormenta cibernética II*, consiste en atacar a industria química dos Estados Unidos e os sistemas de ferrocarril e oleodutos. O obxectivo desta simulación é pescudar se estas organizacións están suficientemente ben preparadas para lles facer fronte aos ataques cibernéticos.

3. En Youtube, un tipo afirma que se deitou con Michèle Roten. Milleiros de internautas preguntánselle: É verdade? Ou é que a xornalista foi vítima dun acosador cibernético? Un deses homes que buscan sexo en Internet. En YouTube, fala un home vestido con suadoiro de carapucha: "Ola, adeus." Despois, atórdase durante tres minutos. Afirma que tivo relacións sexuais con Michèle Roten e conta dous momentos de amor con Miss Universo. Na rede a discusión dispárase inmediatamente: Fíxoo ou non? "Nunca vin este tipo", di Roten, cuxo correo reborda de comentarios e consellos ben intencionados sobre como defenderse contra esta difamación. Roten mantense fría: "Non me fai graza, pero non paga a pena molestarse en facer unha gran historia".

4. Buscamos participantes para investigación clínica sobre un novo método de vacinación contra a hipertensión. En lugar de tomar pastillas todos os días, unha nova vacinación inhibiría a acción da hormona anxiotensina co fin de reducir a hipertensión. Búscanse para o estudo clínico voluntarios con hipertensión de leve a moderada. A vacinación aplicarase cinco veces. O estudo terá unha duración de doce meses en total e será dirixido por un médico. Os suxeitos de estudo (homes e mulleres non fértiles) deben ter entre 18 e 69 anos. Se o solicita, o noso médico discutirá a súa participación co seu médico de confianza. Para máis información e inscricións, por favor póñase en contacto coa seguinte liña telefónica: 0800 68 88 88.

5. Avaliación: Cal é o peor pecado? Un pecado mortal é, de acordo co Papa Xoán Paulo II, un acto polo que un home rexeita con plena conciencia e liberdade a Deus, a súa lei e o seu amor. Monseñor Gianfranco Girotti explicou nunha entrevista co diario do Vaticano *L'Osservatore Romano* que o comportamento pecaminoso non se aplica de aquí en diante nin á noite nin xa a un só individuo, senón que, debido á crecente globalización, afecta cada vez máis a toda a sociedade. Agora, O Vaticano presentou unha nova lista de pecados capitais que se actualizaron á era moderna. Estes pecados son, entre outros delitos, a degradación do medio ambiente, o malgasto económico para artigos de luxo, o afán de lucro, a prostitución, a pedofilia, o tráfico e o consumo de drogas. Agora queremos saber cal lle parece o peor dos pecados. Participe na nosa avaliación.

6. Nova York 9°, Os Ánxeles 24°, Vancouver 5°, Rio de Janeiro 31°, São Paulo 22°, Buenos Aires 21°, Kapstadt 22°, Nairobi 28°, Sydney 29°, Hong Kong 22°, Tokyo 9°, Bangkok 29°

UMS (CH, 1971) *InD* (2011)

En Danzig 1842

Joseph Karl Benedikt von Eichendorff (1788-1857)

Escuras fachadas, altas xanelas,
torres que miran fondo desde a néboa,
brancas estatuas, coma pantasma,
miran en silencio xunto ás portas.

Aletargada brilla no alto a lúa
que ilumina a cidade de tal forma,
que parece que houbese alí abaixo
un mundo máxico de pedra.

A través do profundo silencio,
só se oíe sobre as casas,
o afastado murmurio do mar...
Marabillosa soidade!

E o torreiro, coma antigamente,
canta unha canción esquecida:
que Deus protexa o navegante
que pasa por aquí diante na noite!

LUIS CODERA PUZO *Oscillation ou interstice*, (2013)

A portadora da lanza

Irène Gayraud

Os raios suspendidos debuxan unha cortina
detéñense despois incéndianse
coma sucos de mel estendidos por fóra.
Diante espera
en pé
que unha man se levante
entreabra a cortina.
Gustaríalle escoitar o entrechocar de perlas
velas desprenderse e rodar polo chan
onde cada unha deixa unha mancha queimada
e quizais, detrás, un resplandor da folla.

Tras da cortina os raios suspendidos
unha calor latente.
En pé a portadora da lanza
fende coa súa folla
estende leite e sangue.
O líquido ambarino
deixa entrever escintileos, manchas
que se apagan
estado de tránsito
onde o lume aínda non existe.

E a luz
foi fulgor máis feble dun sol descendendo
lento
líxiro
cintas e raios estendidos por todas as partes.
En pé soa fronte
ao escintileo escuro ou claro
soster a lanza
coma quen leva o nome
dunha guerreira apracible
e aínda ordenar
erguida fronte ao escintileo
un bastón de madeira nas mans.

Apenas dobrada
apoia a lanza
nunha fenda.
A súa liña enrédase na cor do chan
a folla salpica un pouco de terra.

A silueta sen lanza
descende ata a punta da súa folla
afiase.
Da punta dos seus dedos, das súas mans,
de todo o seu corpo frouxo
mestura xuntas mel leite e sangue
pencada a súa pel de terra.
Fluído, manchado
os seus pés irradian
igneos no líquido abrasador.
Un momento entreabre
o silencio no horizonte branco.
En pé participa
estado de transición
poroso
antes de fundirse.

Unha lanza de madeira á deriva
chega a un lugar desprovisto de árbores
roda sobre a grava.
As dúas caras da folla
entrechócanse escintileos e sombras.
Cando ela se suspende
xa non vemos máis que a parte
a súa fisura no chan
oscilación ou intersticio
marco do fogo.

tradutor: Luís Souto



Sete derradeiras comidas

Sieben letzte Mahlzeiten von Mathias Steinauer Op. 28

Aufzeichnung 11 des königlich bayrischen Henkers Bartholomäus Ratzenhammer für Blockflöte(n) und Tenor (...sowie verschiedene akustische und visuelle Zutaten) (2016)

Libretto:
Auf 68 Bild und Texttafeln (in alter deutscher Schrift) wird die Geschichte erzählt.

- 1 [Schwarzblende]
- 2 Sieben letzte Mahlzeiten
von Mathias Steinauer
Op. 28
- 3 [Schwarzblende]
- 4 Aufzeichnung 11 des königlich bayrischen Henkers Bartholomäus Ratzenhammer
- 5 [Schwarzblende]
- 6 Nach einem Text von Herbert Rosendorfer (Letzte Mahlzeiten)
(Mit freundlicher Genehmigung des Autors und des FolioVerlages, Wien, 2010)
- 7 [Schwarzblende]
- 8 Samstag, 9.Juni 1917, St. Ephräm der Spatz
- 9 [Schwarzblende]
- 10 Um das Jahr 1910 begann in gewissen Alpengegenden eine gefährliche Bande ihr Unwesen zu treiben.
- 11 [Photo]
- 12 Zunächst beschränkten sich die sieben Mitglieder darauf,
13 harmlose (gesungen: *Und ewig wird der Himmel brennen*)
- 14 Zunächst beschränkten sich also die sieben Mitglieder darauf, harmlose Bergwanderer durch sinnlose
15 Sprüche, die sie ihnen entgegenschleuderten, zu
16 schrecken. (gesungen: *Schenk mir das Jahr der Zwerge*)
- 17 Als Hauptmann der Bande konnte ein gewisser Rühreier Luis festgestellt werden.
18 "Rühreier Luis"
- 19 Die übrigen hiessen:
20 "Klein Luis"
- 21 "Hampelmann Luis"
- 22 "Misthäufer Luis"
- 23 "Nichtdascher Luis"
- 24 "Sargnagel Luis"
- 25 "Kastaner Luis."
- 26 Mit der Zeit aber wurde diese, wie sie genannt wurde,
Käs-Spatzen-Bande (gesungen: *Sag ja zur Adelheid*)
- 27 Mit der Zeit aber wurde diese Käs-Spatzen-Bande zu einer Landplage. Ihre Sprüche, die sie mit
Schalltrichtern über
- 28 die Berge (gesungen: *Sterne überm Hosenboden*)
- 29 heulten (gesungen: *Tiefschlag auf Tiefschlag*)
- 30 wurden (gesungen: *Weil das letzte Brot die Bleichsucht hat*)
- 31 immer blöder. (gesungen: *Auf die scheisst der Albin*)
- 32 Es wurde (gesungen: *Wenn die Sehnsucht's Mieder reibt*)
- 33 Unerträglich (gesungen: *Jeder Morgenkäs ist ein Gebet*)
- 34 Die Menschheit schrie einstimmig:
35 "Aufhören".
- 36 Die Käs-Spatzen, auch Dolomiten-Maden genannt, antworteten mit:
37 *Jeder Weg führt irgendwann zur Jause.*
- 38 Vor Verzweiflung brach der erste Weltkrieg aus,
39 aber die Käs-Spatzen waren nicht zu bremsen, schmetterten ihr
40 *Nimm mich mit auf irgendein Klo!*
- 41 in die Täler,
42 es half alles nichts.
- 43 Kaiser Franz Joseph (gesungen: *Eine weisse Lederhose*)
- 44 starb vor Gram. Die Käs-Spatzen hatten ihm vorgesungen, worauf der Kaiser das letzte Mal seufzte:
45 "Mir bleibt auch nichts erspart".
- 46 Das war dann doch zuviel. Die Bande wurde endlich dingfest gemacht und wegen vorsätzlichen
ALPENMISSBRAUCHS IN ERSCHWERTER FORM zum Tode verurteilt.
- 47 Die gemeinsame Henkersmahlzeit fand am Vorabend statt.
- 48 Vorher noch sangen die Käs-Spatzen ihr schönstes (gesungen: *Nur wenig wird der Himmel kennen*)
- 49 Lied, und als Zugabe für den Henker:
50 *Verflixt, verschiss, vorbei,* (gesungen und als Texttafel)
- 51 *Amore mio!* (gesungen und als Texttafel)
- 52 Dann klang siebenmal das Fallbeil.
- 53 Bergkräutersuppe – Dreierlei Polentanocken mit Pfifferlingen und Bergkäse – Beeren
- 54 "Kastaner Luis." (gesungen: *Nur wenig wird der Himmel kennen*)
- 55 600 g Gemüsefond, (gesungen: *Eine weisse Lederhose*)
- 56 "Sargnagel Luis" (gesungen: *Nimm mich mit auf irgendein Klo!*)
- 57 300 g Polenta, (gesungen: *Jeder Weg führt irgendwann zur Jause.*)
- 58 "Nichtdascher Luis" (gesungen: *Jeder Morgenkäs ist ein Gebet*)
- 59 300 g Lauch, (gesungen: *Jeder Morgenkäs ist ein Gebet*)
- 60 "Misthäufer Luis" (gesungen: *Auf die scheisst der Albin*)
- 61 100 g Butter, (gesungen: *Weil das letzte Brot die Bleichsucht hat*)
- 62 "Hampelmann Luis" (gesungen: *Tiefschlag auf Tiefschlag jede Sekunde, jeden Augenblick*)
- 63 400 g Pfifferlinge (gesungen: *Sterne überm Hosenboden*)
- 64 "Klein Luis"
- 65 Salz, Pfeffer, Olivenöl, Petersilie und 200 g geraspelter Bergkäse (gesungen: *Sag ja zur Adelheid*)
- 66 "Rühreier Luis" (gesungen: *Schenk mir das Jahr der Zwerge*)
- 67 100 g geschmorte Zwiebeln, gehackt,
- 68 [Schwarzblende]

Sete derradeiras comidas de Mathias Steinauer Op. 28

Capítulo 11 dos apuntamentos do Real Verdugo de Baviera Bartholomeus Ratzenhammer para frauta e tenor (así como diversos ingredientes acústicos e visuais) (2016)

Libreto:
A historia vaise narrando en 68 imaxes e textos (en letra gótica).

- 1 [fundido a negro]
- 2 Sete derradeiras comidas
Mathias Steinauer
Op. 28
- 3 [fundido a negro]
- 4 Capítulo 11 dos apuntamentos do Real Verdugo de Baviera Bartholomeus Ratzenhammer
- 5 [fundido a negro]
- 6 Segundo un texto de Herbert Rosendorfer (últimas ceas)
(Coa amable autorización do autor e da editorial Folio, Viena, 2010)
[NT: Refírese á derradeira comida dos reos antes da execución, en alemán "a comida do verdugo"]
- 7 [fundido a negro]
- 8 Sábado, 9 de xuño de 1917, S. Ephrem o Gorrión
- 9 [fundido a negro]
- 10 Arredor do ano 1910 unha perigosa banda comezou a actuar por certas zonas dos Alpes.
- 11 [Foto]
- 12 Ao principio o seus sete membros limitábanse a
13 inofensivos (cantado: *E o ceo arderá eternamente*)
- 14 dicíamos que ao principio os sete membros se limitaban a asustar a sendeiristas inofensivos
lanzándolles berros absurdos
- 15 asustar (cantado: *Regálame o ano dos ananos*)
- 16 Identificouse a un tal "Luís Ovosrevoltos" como o xefe da banda
17 "Luís Ovosrevoltos"
- 18 O resto chamábanse:
19 "Luís Pequeno"
- 20 "Luís Marioneta"
- 21 "Luís Esterqueira"
- 22 "Luís Nonfuma"
- 23 "Luís Cravodecadaleito"
- 24 "Luís Caixas"
- 25 Co tempo, a banda, á que se chamou
26 A banda dos gorrións-queixo (cantado: *Dille que si a Adelheid*)
[NT: "Käs-Spatzen" evoca os "Domspatzen", o coro de nenos da catedral de Regensburg ("Gorrións de Ratisbona") e á vez os "Käsespätzle", un prato típico do sur de Alemaña]
- 27 Co tempo, a banda dos gorrións-queixo converteuse nunha praga para o país. Os seus berros,
que lanzaban con bucinas
[NT: bucina do gramófono]
- 28 Polas montañas, (cantado: *Estrelas sobre o traseiro do pantalón*)
- 29 lanzaban (cantado: *Golpe baixo tras golpe baixo*)
- 30 volvéronse (cantado: *Porque o último pan ten clorose*)
- 31 cada vez máis estúpidos. (cantado: *Ao Albino esa impórtalle nada*)
- 32 A cousa volveuse (cantado: *Cando o anhelos frega a faixa*)
- 33 insoportable (cantado: *Calquera parvada matutina é unha oración*)
- 34 A humanidade gritou ao unísono
35 "Silencio!"
- 36 Os gorrións-queixo, tamén chamados vermes dos dolomitas, responderon:
37 *Todos os camiños acaban levando á merenda.*
- 38 A desesperación provocou a I Guerra Mundial,
39 pero non había forma de parar os gorrións-queixo, que cantaban a voces a súa
40 *lévame contigo a algún retrete!* (cantado: *lévame contigo a algún retrete!*)
- 41 polos vales;
42 non había remedio.
- 43 O emperador Francisco Xosé (cantado: *Un pantalón branco de coiro*)
- 44 morreu de pesar. Os gorrións-queixo cantaran para el, que expirou dicindo:
45 "Non me libro dunha."
- 46 Esa foi a pinga que fixo que o vaso botase por fóra. A banda foi por fin detida e condenada a
morte por ABUSO INTENCIONADO DOS ALPES CON AGRAVANTES.
- 47 A noite anterior á execución, os reos tomaron xuntos a súa última cea.
- 48 Pero antes, os gorrións-queixo cantaron a súa máis fermosa (cantado: *O ceo saberá pouco*)
- 49 canción, e como propina para o verdugo:
50 "Maldición, cagámola, acabouse" (cantado: *Maldición, cagámola, acabouse*)
- 51 Amore mio! (cantado: *Amore mio!*)
- 52 E entón soou setes veces a guillotina.
- 53 Sopa de herbas da montaña – Variacións de ñoquis de polenta con cantarelas e queixo de
montaña – Bagas
- 54 "Luís Caixas" (cantado: *O ceo saberá pouco*)
- 55 600 g de caldo de verduras (cantado: *Un pantalón branco de coiro*)
- 56 "Luís Cravodecadaleito": (cantado: *Lévame contigo a algún retrete!*)
- 57 300 g de polenta (cantado: *Todos os camiños acaban levando á merenda*)
- 58 "Luís Nonfuma" (cantado: *Calquera parvada matutina é unha oración*)
- 59 300 g de allo porro (cantado: *Calquera parvada matutina é unha oración*)
- 60 "Luís Esterqueira" (cantado: *Ao Albino esa impórtalle nada*)
- 61 100 g de manteiga (cantado: *Porque o último pan ten clorose*)
- 62 "Luís Marioneta": (cantado: *Golpe baixo tras golpe baixo, cada segundo, a cada momento*)
- 63 400 g de cantarelas (cantado: *Estrelas sobre o traseiro do pantalón*)
- 64 "Luís Pequeno"
- 65 Sal, pementa, aceite de oliva, perexil e 200 g de queixo de montaña relado (cantado: *Dille que si a Adelheid*)
- 66 "Luís Ovosrevoltos" (cantado: *Regálame o ano dos ananos*)
- 67 100 g de cebola estufada, picada,
- 68 [fundido a negro]